



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

CADRO RESUME MODELO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

| | | | |
|---|---|--|--------------|
| A. PODER ADXUDICADOR | | | |
| ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: | CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA | | |
| ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: | Xunta de Goberno Local | | |
| SERVIZO XESTOR: | SECRETARÍA | | |
| Data Providencia de inicio do expediente de contratación: 10 de agosto de 2018 | | | |
| Perfil de contratante: www.ailladearousa.es/contratacion | | | |
| Dirección do órgano de contratación: Rúa Palmeira n.º 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA | | | |
| Correo electrónico do órgano de contratación: concello@ailladearousa.es | | | |
| B. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN | | | |
| Número de Expediente | 1523/2018 | Tipo de Contrato: | SUBMINISTROS |
| Tipo de Procedemento | ABERTO SIMPLIFICADO | Tramitación: | ORDINARIA |
| | | Tramitación anticipada: | SI NON |
| Forma de presentación de ofertas: Manual Electrónica Manual e Electrónica | | | |
| Cabe recurso especial: SI NON | | | |
| Contrato suxeito a regulación harmonizada: SI NON | | | |
| Directiva aplicable: | | | |
| C. DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO | | | |
| Definición do obxecto do contrato: “Dotación de mobiliario e equipamento deportivo para o edificio de usos náutico-deportivos”, | | | |
| Limitacións: SI NON | | Número máximo de lotes por licitador: NON. | |
| Oferta integradora: SI NON | | Combinacións de lotes: NON. | |
| D. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN | | | |
| Orzamento base IVE excluído: 85.034,70 € | Tipo de IVE aplicable: 21% (17.857,29 €) | Orzamento base IVE incluído: 102.891,99 € | |
| LOTE Nº 1: 53.400,20 € | LOTE Nº 1: 11.214,04 € | LOTE Nº 1: 64.614,24 € | |
| LOTE Nº 2: 31.634,50 € | LOTE Nº 2: 6.643,25 € | LOTE Nº 2: 38.277,75 € | |
| DETALLE LOTE Nº 1: MOBILIARIO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS | | | |
| Comprende: | | | |
| <u>Zona de Piragüismo:</u> - Estanterías para estibar as piragüas. - Estrutura metálica para habilitar un altillo. | | | |
| <u>Zona de Dornas a Vela:</u> - Estanterías para estibar as dornas a vela. | | | |
| <u>Zona común:</u> - Moble recibidor. - Tornos. - Taquillas. | | | |



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Vestiaros:

- Bancos.
- Biombos.

DETALLE LOTE Nº 2: EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

Comprende a maquinaria para a posta en funcionamento do ximnasio segundo a relación que figura na memoria explicativa.

Aplicación orzamentaria: 342.62501

E. VALOR ESTIMADO

| | |
|--|--------------------|
| Orzamento base de licitación (IVE excluído) | 85.034,70 € |
| Importe das modificacións previstas (IVE excluído): | 0,00 |
| Importe das opcións eventuais (IVE excluído): | 0,00 |
| Importe das primas pagaderas aos licitadores (IVE excluído): | 0,00 |
| Prórroga (IVE excluído): | 0,00 |
| TOTAL VALOR ESTIMADO: | 85.034,70 € |

F. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

| | | |
|---------------------|------------------|--------|
| Comunidade Autónoma | Concello | Outros |
| 38,8757 % | 61,1243 % | % |

G. ANUALIDADES

| Exercicio | A cargo da Admón. CCAA | A cargo do Concello | A cargo doutros | TOTAL |
|--------------|------------------------|---------------------|-----------------|---------------------|
| 2018 | 40.000,00 € | 62.891,99 € | 0,00 | 102.891,99 € |
| TOTAL | 40.000,00 € | 62.891,99 € | 0,00 | 102.891,99 € |

H. PRAZO DE EXECUCIÓN

30 DÍAS

I. PRÓRROGA

SI NON

Duración máxima:

J. PRAZO DE

GARANTÍA

2 anos

I. ADMISIBILIDAD DE VARIANTES

SI NON

J. REVISIÓN DE PREZOS

SI NON Fórmula: _____

K. GARANTÍAS

| | |
|---------------------|---|
| PROVISIONAL : NON | ASCENDE A _____ %. |
| DEFINITIVA : SI | ASCENDE A 5 % ADXUDICACIÓN EXCLUIDO IVE |
| COMPLEMENTARIA: NON | ASCENDE A _____ % |

L. SUBCONTRATACIÓN

SI (cláusula 24ª) NON

M. MODIFICACIÓN CONTRACTUAIS PREVISTAS

SI NON

N. DATOS DE FACTURACIÓN - Entidade contratante: Concello de A Illa de Arousa

| | |
|---------------------|-----------------------|
| Órgano Xestor | CODIGO DIR3 L01369011 |
| Unidade tramitadora | CÓDIGO DIR3 O00008919 |
| Oficina Contable | CÓDIGO DIR3 O00008919 |



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Expediente núm.: 1523/2018

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

Procedemento: Contrato de Subministros por Procedemento Aberto Simplificado

Asunto: “Dotación de mobiliario e equipamento deportivo para o edificio de usos náutico-deportivos”, financiado con cargo á Subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, ó amparo da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXIRA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

CLÁUSULA PRIMEIRA.- Obxecto e cualificación.

1.1.- Descrición do obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS.

Con esta contratación preténdese cubrir a necesidade de dotación de material axeitado ó edificio de usos náutico-deportivos de titularidade municipal, co obxecto de promover hábitos de vida saudables e dar cumprimento á competencia municipal recollida no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que cualifica como competencia propia do municipio a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Terán carácter contractual o memoria de dotación de mobiliario e equipamento deportivo elaborada pola Arquitecta Municipal, o prego de cláusulas administrativas así como a oferta do licitador adxudicatario.

Por todo iso, ditos documentos deberán ser asinados pola entidade adxudicataria, en proba de conformidade, no acto mesmo da formalización do contrato.

1.2.- Natureza do contrato.

Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de subministro de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014(en adiante, LCSP). A codificación correspondente á nomenclatura prevista no Regulamento CE 213/2008, da Comisión Europea, do 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento CEE nº 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao vocabulario común de contratos públicos (CPV) é:

36100000-2 (Mobiliario)

37440000-4 (Equipo para o exercicio físico)



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que revestirá carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cujas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

1.3.- División en lotes do obxecto do contrato.

O obxecto do contrato divídese, a efectos da súa execución, nos lotes seguintes:

LOTE Nº 1: MOBILIARIO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

Comprende:

Zona de Piragüismo:

- Estanterías para estibar as piragüas.
- Estrutura metálica para habilitar un altillo.

Zona de Dornas a Vela:

- Estanterías para estibar as dornas a vela.

Zona común:

- Moble recibidor.
- Tornos.
- Taquillas.

Vestiaros:

- Bancos.
- Biombos.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

LOTE Nº 2: EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS

Comprende a maquinaria para a posta en funcionamento do ximnasio segundo a relación que figura na memoria explicativa.

CLÁUSULA SEGUNDA.- Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula 13ª.

CLÁUSULA TERCEIRA.- Perfil do Contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante na Plataforma de Contratos de Galicia, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <https://www.contratosdeg Galicia.gal>

CLÁUSULA CUARTA.- Valor estimado do contrato e orzamento base de licitación.

O valor estimado do contrato ascende a cuantía de 85.034,70 euros, IVE excluído.

O orzamento base de licitación no tempo de duración do contrato para cada un dos lotes é o seguinte:

LOTE N.º 1: 53.400,20 euros máis 11.214,04 euros en concepto de IVE, cun total de 64.614,24 euros.

LOTE N.º 2: 31.634,50 euros máis 6.643,25 euros en concepto de IVE, cun total de 38.277,75 euros.

Na proposición económica de cada un dos lotes, ademais de expresarse o seu importe total, deberán indicarse os importes unitarios tanto do mobiliario como de cada máquina, especificándose necesariamente por separado como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido.

O prezo de adxudicación do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo. No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e cánons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adxudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.

CLÁUSULA QUINTA.- Existencia de crédito.

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, no seu caso:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe |
|------------|-------------------------|--------------|
| 2018 | 342.62501 | 102.891,99 € |

O contrato abonarase con cargo á aplicación arriba indicada do orzamento municipal, na que existe crédito suficiente para a súa financiación segundo consta no Informe de Secretaría-Intervención mediante a oportuna retención de crédito.

O contrato atópase subvencionado pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia por importe de 40.000,00 euros, ó amparo da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018, correspondendo ó Concello o financiamento restante.

CLÁUSULA SEXTA.- Revisión de prezos.

Non cabe a revisión de prezos.

CLÁUSULA SÉTIMA.- Duración e prórrogas.

Establécese un prazo de execución de 30 días dende a sinatura do contrato.

O contrato non poderá ser obxecto de prórroga conforme ó artigo 29 da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA OITAVA.- Órgano de contratación.

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía-Presidencia.

O órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición a normativa aplicable.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a Xurisdición competente.

CLÁUSULA NOVENA.- Responsable do contrato.

A persoa responsable do contrato que designe o órgano de contratación correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar o seu execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

De conformidade co artigo 62 LCSP as unidades encargadas do seguimento e execución do contrato será o Departamento de Urbanismo e o Departamento de Deportes do Concello de A Illa de Arousa.

CLÁUSULA DÉCIMA.- Aptitude para contratar.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Poderán presentar ofertas as persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económica e profesional e técnica do xeito previsto no presente prego e non se atopen incursoas nalgunha das circunstancias que se enumeran no previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos sinalados no presente prego

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, e obxecto social a realización dos servizos obxecto do contrato e contén con persoal coas características anteriormente indicadas

Poderán presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación do contrato ao seu favor. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

En relación coas empresas comunitarias ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e empresas non comunitarias será de aplicación o disposto nos artigos 67 e 68 LCSP.

De conformidade co artigo 159.4 a) LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência..

Sen prexuízo do anterior, a Disposición Transitoria Terceira da LCSP dispón que ata que non transcorran seis meses da entrada en vigor da LCSP, non resultará exixible a obriga establecida para o procedemento aberto simplificado de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou rexistro equivalente, polo que a acreditación da capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar realizarase na forma establecida en este pliego.

Integración de la solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursoa nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Non obstante, a falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

De conformidade co artigo 75.1 LCSP, con respecto aos criterios relativos á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades si estas van executar as obras para as cales son necesarias ditas capacidades.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

CLÁUSULA UNDÉCIMA.- Presentación de proposicións.

11.1 Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse ós pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

Para a licitación do presente contrato, non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que o emprego de medios electrónicos require equipos ofimáticos especializados dos que non dispón o órgano de contratación, ao abeiro do disposto no punto terceiro da Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As ofertas presentaranse exclusivamente no rexistro do Concello de A Illa de Arousa, con domicilio en Rúa Palmeira nº 25 en horario de 9:00 a 13:30 de Luns a venres, dentro do prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.

11.3. Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición se presente cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase ao número de fax ou á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

CLÁUSULA DUODÉCIMA.- Forma e contido das proposicións.

De conformidade co artigo 159.4.d) LCSP, a oferta presentarase nun único sobre ao non contemplarse criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor que se presentará en formato papel mentres non sexa posible a súa tramitación electrónica.

O sobre presentarase pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior a denominación do sobre e a lenda “Proposición para licitar á contratación do subministro de MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS”, con indicación do NÚMERO DE LOTE E DENOMINACIÓN ó que se presenta.

No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen. Dado que non se establecen no prego criterios de valoración subxectivos procederase a presentación dun **ÚNICO SOBRE DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES.**



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A denominación dos sobres é a seguinte:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA (INDICAR NÚMERO E DENOMINACIÓN DO LOTE)

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarase conforme ao modelo incluído no Anexo do presente prego.

No caso de que os requisitos de solvencia económica e financeira ou técnica e profesional esixidos varíen dun lote a outro, achegarase unha declaración responsable por cada lote ou grupo de lotes ao que se apliquen os mesmos requisitos de solvencia.

No caso de que a adscrición de medios esixida se cumpra con medios externos ao licitador, deberá presentarse unha declaración responsable polo licitador e por cada un dos medios adscritos á execución do contrato.

Unións Temporais de Empresarios:

Deberase presentar unha única declaración responsable e oferta de criterios avaliábeis en cifras ou porcentaxes, subscrita por todas as entidades que constitúan a UTE.

Así mesmo, deberá aportarse o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata o seu extinción.

No escrito de compromiso indicárase: os nomes e circunstancias dos que a constituán; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Empresarios estranxeiros

Os empresarios estranxeiros deberán presentar ademais da documentación sinalada anteriormente, a documentación específica que a continuación se detalla. Todas as empresas non españolas deben aportar:

- Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais Españóis de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, renunciando no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.
- As empresas de Estados que non sexan membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán aportar:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
- Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68 LCSP

Comprobación da veracidade das declaracións responsables.

Os servizos do órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán, en calquera momento, solicitar a xustificación documental do cumprimento das condicións sobre as que os licitadores declarasen responsablemente o seu cumprimento. A estes efectos o licitador deberá presentar a documentación requirida nun prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde o envío do requirimento. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e será excluído do procedemento.

b) Proposición económica e servizo de mantemento.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do expediente para a contratación do subministro de MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO DO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS por procedemento aberto simplificado, anunciado no Perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato dacordo coa seguinte oferta:

1º. Polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

2º. Servizo de mantemento:

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.».

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- Criterios de adjudicación.

O contrato adjudicarase á mellor oferta presentada que se obterá como suma das puntuacións acadadas por cada licitador na totalidade dos criterios establecidos no prego como determinantes do seu nivel calidade-prezo.

Criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, avaliáveis mediante fórmulas.
Ata 60 puntos, co seguinte detalle:

a) Mellora do prezo sobre o previsto na licitación: Ata 20 puntos. Valorárase de conformidade coa seguinte fórmula (regra de tres simple directa)



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Puntuación = $20 \times \frac{\text{Tipo de licitación-Importe da Oferta presentada}}{\text{Tipo de licitación- Oferta máis baixa presentada}}$

b) Prestación do servizo de mantemento: valorarase ata un máximo de 40 puntos aquelas empresas que propoñan unha mellora en anos do plan de mantemento (reparar maquinaria, tapizado, cables e sistemas de transmisión, etc., contra todo defecto de fabricación, incluídas pezas, mano de obra e desprazamento, así como desenvolver todas as labores de mantemento preventivo e correctivo que sexan necesarias derivadas do uso das mesmas, asumindo, asemade, o custo das pezas, mano de obra e desprazamento)

Para valorar este criterio asignarase a maior puntuación á oferta que presente un plan de mantemento maior, expresado en anos. Aquela empresa que se axuste a dous anos do plan de mantemento que se determina no prego de prescricións técnicas, terá unha puntuación de cero puntos.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

1.- Cando o órgano de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto no artigo 149 LCSP, e á vista do seu resultado procederá a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

2.- Considerarase, en principio, que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia de valores anormais ou desproporcionados cando represente unha cantidade inferior ao 90% da media aritmética das ofertas presentadas.

Se concorre un só licitador, cando a súa proposición económica sexa inferior ao tipo de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando, sendo máis de tres licitadores, sexa superior á media de todas en máis dun 10% desta. Nese caso calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado.

De conformidade co artigo 149.3 LCSP cando presentasen ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, aquela que for máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal

3.- Corresponderá á mesa de contratación, de acordo co artigo 326 da LCSP a cualificación da oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento ao que se refire o artigo 149 da LCSP:

4.- Declararase que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico. Serán criterios obxectivos para apreciar ou non ou carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente ou adxudicatario non trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Adecuada xustificación dos prezos ofertados,
- Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentadas.
- As solucións técnicas adoitadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para prestar os servizos.
- O aforro que permita a prestación dos servizos
- A innovación das solucións propostas para prestar os servizos
- O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia social ou laboral e de subcontratación, no sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran as obrigas derivadas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional medioambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular os convenios internacionais no ámbito social reflectidos no anexo V da LCSP.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación, procedéndose a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que fosen clasificadas.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- Criterios de desempate.

De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.- Mesa de Contratación.

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A súa composición é a seguinte:

PRESIDENTE: O Alcalde do Concello de A Illa de Arousa ou membro da Corporación en quen delegue.

VOGAIS:

- Un Concelleiro da Corporación nomeado pola Alcaldía.
- Dous traballadores do Concello pertencentes á plantilla de persoal funcionario ou laboral.
- O Secretario-Interventor do Concello.

SECRETARIO: Un funcionario do Concello.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.- Apertura de proposicións.

A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

A Mesa de Contratación procederá á apertura dos Sobres «A», que conteñen a documentación administrativa, a proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Tras a lectura das proposicións, e previa exclusión das ofertas que non cumpran os requirimentos, a Mesa procederá á avaliación e clasificación das ofertas.

Á vista do resultado, a Mesa de Contratación propondrá ao adxudicatario do contrato.

Realizada a proposta de adxudicación, a mesa de contratación procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.- Garantía definitiva.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O licitador que presentase a mellor oferta deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do prezo final ofertado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produca o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 110 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e transcorrido un ano (ou o maior prazo de garantía ofertado) desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 110.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.- Adjudicación do contrato.

A mesa de contratación requirirá, mediante comunicación electrónica á empresa que obtivo a mellor puntuación, mediante comunicación electrónica, para que no prazo de sete días hábiles:

- Constitúa a garantía definitiva, polo contía igual ao 5 % do orzamento base de licitación, excluído o IVE, de conformidade co sinalado no artigo 107.3 da LCSP

- Aporte, no seu caso, o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP conforme ao modelo do Anexo II

- Documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precalificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares, sendo unicamente necesario a manifestación expresa por parte do licitador do seu inscrición no Rexistro ou base de datos correspondente.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público eximirá aos licitadores inscritos, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, da presentación nas convocatorias de contratación das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como da acreditación da non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar naquel.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

Ademais, no prazo de 7 días hábiles, deberá presentar calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

Xa que logo, naqueles casos nos que non resultase exixible a obrigación de figurar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, en aplicación ao disposto na Disposición Transitoria terceira da LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non constasen inscritos no referido Rexistro, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presente a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da UTE que sexa proposta como adxudicataria, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación presenten, no seu caso, a seguinte documentación:

1.- Capacidade de obrar.

1.1.- Si a empresa fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).

1.2.- Si se tratase de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, substitúalle regulamentariamente.

1.3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

